



Sindicato de  
Traballadoras e  
Traballadores  
do Ensino  
de Galiza

Steg Opina

## NOVO REAL DECRETO DE ACCESO Á FUNCIÓN PÚBLICA

*O STEG reuniuse en asemblea xeral diante da inminente publicación do novo Real Decreto de acceso á función pública, cunha importante participación do profesorado interino*

O pasado sábado 29 de xaneiro o STEG celebrou unha asemblea xeral, no camiño de avanzar na defensa das traballadoras e traballadores do ensino público, ao respecto da inminente publicación do novo Real Decreto de acceso á función pública. Así, a Asemblea, que contou cunha importante presenza de profesorado interino, discutiu e debateu o último borrador deste Real Decreto que será publicado a mediados deste mesmo mes, pero tamén se falou da postura da Consellería de Educación ao respecto, así como da situación noutros territorios. Historicamente, ao contrario ca outras organizacións, o STEG defendeu sempre a vía do acceso diferenciado ou dobre vía –aducíndose sempre na dirección contraria que esta posición era inconstitucional- e resulta paradoxal que, cando por fin se pon en marcha, sexa con varias cuestións que suscitan preocupación dentro da nosa afiliación. A este respecto, houbo consenso en estudar e traballar para defender a seguridade xurídica da norma, e foron moitas as voces coincidentes en sinalar que é previsíbel que o novo Real Decreto sexa recurrido legalmente –aducindo inconstitucionalidade- dende diversas fronteas.

O STEG entende que garantir a seguridade xurídica da norma comportará garantir tamén a situación e a estabilidade das traballadoras e traballadores que poidan verse afectadas/os pola mesma, polo cal houbo acordo en poñerse a traballar nesta cuestión en coordinación coa nosa asesoría xurídica.

Paralelamente, a Asemblea puxo de manifesto acordo en varias cuestións que poden e deberan ser melloradas e corrixidas:

-**ao respecto dos méritos**, no actual borrador contan os méritos realizados en centros privados concertados e, ademais, puidese beneficiar o profesorado de relixión tamén, o cal é inaceptábel para o STEG.

-**estabilización de persoas e non de prazas**, pois o STEG entende que é prioritario avanzar no cumprimento da Lei 20/2021, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, isto é, a estabilización das persoas que agora mesmo, como interinas, se encontran nunha situación de inestabilidade, que perxudica o seu traballo e por tanto as súas condicións de vida. Así, resulta necesario por tanto aclarar os criterios para establecer que prazas serán as de estabilización: se cada administración ten que facer o propio co seu persoal contratado non ten sentido que xente doutras comunidades poda acceder as prazas en Galiza. Doutra banda, en moitas especialidades traballan persoas que non tiveron a oportunidade de presentarse a procedementos de selección porque non se convocaron prazas durante moitos anos malia estar vacantes.

**-falta o acceso ao A1 do profesorado de FP;** e o STEG observa con preocupación a situación destas compañeiras e compañeiros, non respondendo o borrador polo momento ás necesidades desta parte fundamental do profesorado.

**-necesidade de estreitar a vixancia sobre o propio proceso de oposición ou curso-oposición;** pois, habendo todo tipo de experiencias no desenvolvemento destes procesos – unhas satisfactorias e outras non tanto-, si houbo acordo en avanzar en fórmulas e accións que permitan mellorar a transparencia de todo o proceso así como do seu desenvolvemento.

**- ao respecto das ESAD:** neste procedemento de regularización do emprego público por méritos, para o acceso á docencia do ensino superior parece que se vai esixir a ACREDITACIÓN DE TUTELA INVESTIGADORA para as Ensinanzas Artísticas Superiores, e son varias as interrogantes que suscita o texto: se é así, nese caso abondará co título oficial de Máster (o caso da maioría das/dos docentes de EES? Ou sería necesario o de Doutora/or (que só teñen unhas poucas persoas)? De fondo, comentouse a este respecto, a existencia dunha sentenza que da a razón a unhas persoas que denunciaron unhas/uns funcionarias/os docentes de EESS que aprobaron a oposición pero non dispoñían de dita acreditación.

**A** demais, profundouse nas implicacións xurídicas e técnicas do que dende algunha organización se vén chamando fraude de lei, pero que realmente ten máis que ver con outros ámbitos –máis laboralizados- da función pública que non exactamente o do ensino, cuestión que a xuízo do STEG non se está tratando con rigor dende algúns ámbitos, o que está a provocar certa confusión entre as traballadoras e traballadores do ensino público galego, especialmente dentro do profesorado interino.

Doutra banda, o STEG acordou apoiar a mobilización convocada pola CUT, en resposta ás afirmacións do Conselleiro sobre o persoal interino, por ser esta coincidente coas posicións do STEG e xulgarse positiva para a súa defensa. Porén, si se xulgou que non é este un xeito idóneo de buscar a unión sindical, en base a unha política de “feitos consumados”: se realmente hai interese en acadar a unión sindical, o propio sería definir de común acordo a acción a realizar, a data e a hora, máis que anuncios unilaterais aos que se pide despois adhesión. O STEG non entende así a unidade sindical, que nos lembra prácticas coñecidas doutras organizacións ao longo do tempo.

Finalmente, houbo acordo en volver reunirse unha vez se coñeza o texto definitivo deste novo Real Decreto, o que marcará o camiño do STEG a este respecto, na procura dunha defensa efectiva por todas as vías das traballadoras e traballadores do ensino público galego.